

ACTA Nº 06-2012
DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO MUNICIPAL
- DIA 26/04/2012

Marxe que se cita:

Na Casa Consistorial de Rianxo na data sinalada ut supra, ás **20:03 horas** reúnen os/as Concelleiros/as electos/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal, neste caso sesión ordinaria.

ASISTENTES

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes :

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE).-

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Concelleiros ausentes:

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Desculpada a non asistencia dos concelleiros/as indicados e constatada a presenza da maioría dos seus membros e polo tanto a existencia de quórum suficiente para celebrar a sesión deste órgano, pola Presidencia declárase aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDEN DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGVS E O CONCELLO DE RIANXO RELATIVO AOS GASTOS DE MANTEMENTO DAS OFICINAS MUNICIPAIS DE REHABILITACIÓN 2012: ACEPTACIÓN DAS ENCOMENDAS DE XESTIÓN INCLUIDAS NESTE.-

4º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO E A FEMP PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN E MUTUA COLABORACIÓN ADMINISTRATIVA: ADHESIÓN.

5º.- ANUALIDADE 2012 DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS DIRIXIDOS AOS CONCELLOS DE BARBANZA, MUROS-NOIA E O SAR.- SOLICITUDE.-

6º.- MOCIONS DE URXENCIA.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACION DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES

Acta Nº 4 Sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2012.

A Presidencia pregúntalle aos Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Dona Adelina Ces Quintáns, solicita se substitúa o parágrafo da súa intervención no punto 10.2 relativo á moción de urxencia sobor da folga xeral pola reforma laboral, xa que logo non se entende moito tal e como está redactado:

- onde di:”...co texto da moción pouco ten que engadir, simplemente di que o dereito de formación para traballadores e empresarios ou esclavizar aos traballadores, traballo subvencionado polo Estado, suba do IRPF e en calquera caso enriquecemento das grandes fortunas é o que vai derivar das reformas do goberno estatal.”
- *Debe poñer:* “ ...co texto da moción pouco mais que engadir, so referirme a algúns aspectos do exposto pola concelleira do PP; isto era que a reforma favorecía o traballo subvencionado polo Estado, saíndolle mais barato aos empresarios; o dereito á formación significa traballar sen dereitos e outorga liberdade ao empresario para esclavizar aos traballadores e que a reforma financeira non da créditos aos empresarios que o necesitan.”

Sometida a acta a votación coa rectificación na parte expositiva sinalada e aceptada pola Secretaria, queda APROBADA a acta citada por unanimidade dos presentes, 15 dos 17 que legalmente a constitúen.-

Acta Nº 5 Sesión extraordinaria urxente do día 30 de marzo de 2012.

A Presidencia pregúntalle aos Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

A voceira do PP, Vanessa Martínez Durán, quere aclarar que se van a abster posto que non asistiron a dita sesión.

Non habendo observacións ao respecto, queda APROBADA a acta citada por 10 votos a favor (6 BNG e 4 do PSOE) 5 abstencións (5 do P.P.), dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente a constitúen.-

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01 de marzo de 2012 ata o 31 de marzo de 2012, que comprenden os números 161/2012 ao 218/2012.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación:

-Acta Nº 6 Sesión extraordinaria do día 27 de marzo de 2012.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGVS E O CONCELLO DE RIANXO RELATIVO AOS GASTOS DE MANTEMENTO DAS OFICINAS MUNICIPAIS DE REHABILITACIÓN 2012: ACEPTACIÓN DAS ENCOMENDAS DE XESTIÓN INCLUIDAS NESTE

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Este concello ten asinado o Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 29 de abril de 2011 relativa á Area de Rehabilitación Integral dos Núcleos de Rianxo, Fincheira e Rianxiño (Plan de Vivenda 2009-2012.)

En atención ao Decreto 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real Decreto 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012 e a necesidade de contar coas oficinas municipais de rehabilitación para a colaboración en políticas de vivenda, o IGVS ten remitido o borrador do convenio para o cofinanciamento dos gastos da oficina municipal onde se contemplan ademais dúas encomendas de xestión. De feito cualifícao con dobre natureza, unha subvencionadora e outra administrativa de encomenda de xestión (cláusula 13). As encomendas son de actividades técnicas e de tramitación relativas a:

- o Decreto 44/2011, do 10 de marzo, polo que se regulan as axudas autonómicas para o remate de fachadas e cubertas, rehabilitación e reconstrución de edificios no ámbito rural, histórico e dos camiños de Santiago.
- o Decreto 84/2010, do 27 de maio, polo que se regula o programa Aluga para o fomento do aluguer de vivendas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Por parte deste concello, estímase de interese o cofinanciamento das devanditas OdRM para o exercizo das funcións que estas teñen atribuídas no marco do Plan de Vivenda e Ordenanza municipal reguladora das axudas da ARI, mais tamén para as outras políticas de vivenda sinaladas ao abeiro do artigo 3 do Decreto 402/2009 nos programas das áreas de rehabilitación, renove e erradicación do chabolismo. A duración do convenio abranguería o ano 2012 por enteiro para os efectos económicos.

Visto o informe de secretaria do 20/04/2012 onde se resaltan as distintas esixencias recollidas na Lei 5/97 de Administración Local de Galicia (artigo 173) en canto aos municipios que poden ser obxecto das encomendas pola Xunta de Galicia e a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, que habilitaría a encomenda directamente por convenio previo cumprimento duns requisitos que semellan non concorrer, o que da lugar a unha situación de inseguridade xurídica que aconsella o seu sometemento ao pleno como órgano competente para aceptar as encomendas (artigo 47 LBRL)

Incorporado informe pola interventora municipal do 20/04/2012 segundo o que existe crédito adecuado e suficiente para a sinatura do convenio de colaboración se ben sinala as diferenzas nas previsións do gasto que poden afectar á subvención concedida no convenio que ascende a 32.936,30€, sendo a achega municipal de 21.957,54€ para todo o período 2012.

Polo exposto, esta Alcaldía, visto o carácter de encomenda de funcións de carácter técnico, puntual e non resolutive, encadrable na desexable colaboración interadministrativa, propoño ao Pleno corporativo a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- A aprobación- ratificación do Convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e solo e o Concello de Rianxo para a tramitación de expedientes de

rehabilitación e financiamento dos gastos de mantemento das oficinas municipais de rehabilitación- Portelos Únicos de información e xestión do Plan de Vivenda e rehabilitación 2009-2012 e doutras actuacións das políticas de vivenda, e por ende, a aceptación das encomendas recollidas neste en relación co Decreto 44/2011 e o Decreto 84/2010.

Segundo.- Comuníquese á Oficina de Rehabilitación municipal para o seu coñecemento e efectos, e á Intervención municipal. >>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVICIOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIO AMBIENTE do día 25/04/2012, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di non ten nada que engadir e están de acordo con este convenio.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que é unha subvención que axuda a prestarse o servizo pola oficina de rehabilitación no tocante ao mantemento do persoal e custos materiais. Este ano, dos preto de 59.000€ que se previron de custo, a achega ascende a 32.936,30€. Continúa dicindo que como se recolle na proposta no texto do convenio agora inclúense un par de encomendas para rentabilizar o funcionamento da oficina, e por ilo os informes da Secretaria e Intervención sinalan que non se da o requisito para ilo, relativo á poboación para facer as ditas encomendas, pero o convenio estímase de interese para o concello e por ilo van a apoiar a proposta.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, amosa a conformidade á proposta, resaltando a posta en valor do patrimonio histórico e artístico que ten este tipo de acordos e o apoio que a oficina de rehabilitación da aos veciños.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos da mesma.-/

4.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO E A FEMP PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN E MUTUA COLABORACIÓN ADMINISTRATIVA: ADHESIÓN.

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<O 15/03/2006 asinouse un convenio de colaboración entre a Xefatura Central de Tráfico e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa.

O devandito documento, composto de nove cláusulas e catro anexos, ten por obxecto principal facilitar o cambio de domicilio dos permisos de circulación e de conducción, tendo en conta que o paso previo para ilo é a aportación do certificado de empadroamento podería tramitarse a súa vez co ofrecemento polo concello do impreso para ilo e comunicación por esta á XCT. Tamén inclúe a colaboración na comunicación de baixas definitivas de vehículos.

En suma, a adhesión a este permitirá dispor de información actualizada no Rexistro de Vehículos e condutores e Infractores, evitando desprazamentos dos veciños ou comunicacións posteriores, así como a actualización da base de datos para a xestión do imposto de vehículos de tracción mecánica.

Este convenio é de aplicación para toda a Administración local, sen prexuízo da súa previa adhesión.

A duración do convenio é anual, sen prexuízo de que se acorde polas partes expresamente a súa prorroga por períodos iguais de un ano agás resolución.

Emitido informe de secretaria sobre as actuacións que implicará e procedemento a seguir polo departamento encargado.

Polo exposto, esta Alcaldía, visto o carácter de encomenda de funcións de carácter técnico, puntual e non resolutive, encadrable na desexable colaboración interadministrativa, propoño ao Pleno corporativo a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- A adhesión o Convenio de colaboración entre a Xefatura Central de Tráfico e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa, coa vontade de adherirse a todas e cada unha das súas cláusulas, asumindo as obrigas e compromisos derivados do convenio.

Segundo.- Comuníquese á Xefatura Provincial de Tráfico co fin de asinar o mencionado convenio.

Terceiro.- Designase responsable do cumprimento das súas obrigas ao departamento de Policía Local, sen prexuízo da entrega da solicitude de cambio de domicilio pola servizos municipais encargados do Padrón de Habitantes. >>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVICIOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIO AMBIENTE do día 25/04/2012, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran enfatiza que todo o que se faga pola comodidade dos veciños e que evite desprazamentos innecesarios é bo, polo que a apoian.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que ata agora había que facer eses desprazamentos para o troco do domicilio, baixas de vehículos... pero este convenio permitirá coa colaboración do persoal municipal o ofrecemento para facelo a través do concello, remitíndose a xefatura de tráfico en menos de 10 días. Asemade suporá unha actualización do IVTM e por ende da xestión municipal.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, manifesta a súa conformidade posto que facilitará os trámites co xefatura de tráfico.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos da mesma.-/

5.- ANUALIDADE 2012 DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS DIRIXIDOS AOS CONCELLOS DO BARBANZA, MUROS-NOIA E O SAR.- SOLICITUDE

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Con data 08/02/2012 (Rex.Entrada nº 804) recibise circular da Deputación da Coruña, de **ANUALIDADE 2012 DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS DIRIXIDOS AOS CONCELLOS DO BARBANZA, MUROS-NOIA E O SAR,** e con unha asignación no ano 2012 por concello de 36.250,00€.

Visto o proxecto técnico das obras, redactado pola arquitecta de Asistencia Técnica do Concello D^a. Ana Isabel Piñeiro Esperante, por importe de 36.250,00 Euros, IVE engadido.

Incorporado informe da Arquitecta de Asistencia técnica municipal sobre a dispoñibilidade dos terreos e as autorizacións preceptivas.

Emitido informe por D. Adolfo Muíños Sánchez sobre a non solicitude nin percepción de achega algunha para dito fin.

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º g) da Lei de Bases de Réxime Local e o artigo 217.2ºa) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentalmente para solicitar á Excm. Deputación Provincial a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan.

Esta Alcaldía, propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

1º Participar no Programa de modernización de mercados locais da deputación Provincial da Coruña, anualidade 2012, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican deseguido:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
ADECUACIÓN DOS POSTOS DO MERCADO MUNICIPAL DE RIANXO	36.250,00 €	0 €	36.250,00
TOTAL	36.250,00 €	0 €	36.250,00

2º Aprobar os correspondentes proxectos técnicos das obras previstas no apartado 1º, condicionada á obtención das autorizacións indicadas no informe técnico municipal.

3º Declarar que o Concello conta cos terreos, necesarios para a execución da obra, estando pendente da autorización a Consellería de Cultura e Turismo - Servizo de Patrimonio Cultural.

4º Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100 % do seu importe.

5º Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6º Facultar ao Alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVIZOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIO AMBIENTE do día 25/04/2012, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O Alcalde insiste en que a intención é a posta en valor do mercado de abastos, na procura dun mais fácil e áxil acceso á ocupación dos postos vía aluguer, cun prezo asequible, e facendo un mellor uso das instalacións existentes, e pon o exemplo da cámara frigorífica común que non se usa porque cada posto ten a súa, e que será reconvertida.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran di que semella unha proposta que beneficiará ao mercado de abastos e ao concello, pero non se lle pediu opinión polo goberno ao grupo do PP e por ilo non a van a apoiar.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, lembra a participación do concello na primeira fase deste programa financiado pola Deputación Provincial e que agora ten esta outra fase. Con respecto ás obras, é certo que non se falou co PP pero que tampouco houbo tempo para ilo e ademais é unha obra imprescindible e a que se veía de atención mais inmediata. Preténdese que o acceso aos postos do mercado sexa mais doado para os comerciantes, e así darlle un empurre novo a este. Aprobarán a proposta e senten que o PP non participe xa que é necesaria.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que a apoian para dinamizar a praza de abastos.

O Alcalde indica que é unha proposta que se falara cos comerciantes do mercado, sendo unha das melloras formuladas por estes e que de bo grado aceptaron.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 10 concelleiros (os 6 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG), 5 abstencións (os 5 do P.P.), e 0 votos en contra do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

6.- MOCIÓNS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar o turno de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

A Presidencia *pregunta se hai mocións.*

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos.

6.1.-MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G RELATIVA A MANTEMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (RXE nº 3046, do 24/04)

A voceira do grupo municipal do PP, Vanesa Martínez Duran, di que os membros do grupo vanse levantar posto que a moción non estaba no expediente desta sesión cando viñeron a estudalo, polo que lembra o compromiso dos grupos en que os demais as coñezan de antemán e non ao chegar ao pleno.

Os 5 membros presentes do PP abandonan o salón de plenos.

NOTA: Conforme co artigo 100.1º do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, a súa ausencia na sesión será tratada como abstención de non voltar antes do comezo das votacións.

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns, comenta someramente a moción que figura no expediente.

Sometese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor de 10 concelleiros (os 6 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG), 5 abstencións (os 5 do P.P. ausentes neste punto), e 0 votos en contra dos 17 que legalmente o conforman, isto é, maioría absoluta do número legal de membros que conforman o pleno municipal.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, da lectura da moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do PP na Xunta de Galiza acaba de publicar o decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. No mesmo establécese que o Servizo de Axuda no Fogar é un servizo social comunitario básico de carácter público que debe ser garantido polos concellos. Tamén regula o financiamento do conxunto dos servizos sociais comunitarios e concretamente no que se refire aos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico soamente financiará ás corporacións locais de 20.000 ou máis habitantes, onde só financiará ao traballador/a social. Deste xeito, a inmensa maioría dos concellos galegos, que son os que contan con menos de 20.000 habitantes, van a ser excluídos das axudas que até o de agora viñan recibindo da administración galega.

As axudas da Xunta aos servizos sociais comunitarios xa foron recortadas os anos 2010 e 2011, especialmente no que se refire ao Servizo de Axuda no Fogar. O Plan de 2011 dispoñía de preto de 24 millóns de euros para as prestacións sociais básicas, servizos sociais comunitarios e plan de desenvolvemento xitano, e o goberno do PP os recortou en 2,4 millóns de euros

Para este ano 2012, o plan concertado quedou na metade, en 12,4 millóns de euros. As partidas do programa de servizos sociais comunitarios foron eliminadas e o plan de desenvolvemento xitano ten unha partida simbólica de pouco máis de 100.000 euros.

O decreto publicado vén a corroborar que o goberno do PP na Xunta de Galiza se desentende por completo dos servizos sociais comunitarios nos concellos de menos de 20.000 habitantes, en especial do Servizo de Axuda no Fogar Básico, o que obrigará no mellor dos casos aos concellos a financiar estes servizos e aos usuarios e usuarias a pagar máis nas súas aportacións como copago, ou no peor dos casos a que os servizos desaparezan e só se manteñan para as persoas dependentes coa prestación asignada no seu Plan Individual de Atención.

O propio decreto establece que as Deputacións terán que prestar axuda económica e técnica aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Non obstante, non as obriga con cantidades nin porcentaxes. En cambio obriga aos concellos, a aumentar o 20% para os concellos de menos de 20.000 habitantes, o 25% para os de 20.000 até 60.000 e o 33% para os de 60.000 ou máis habitantes.

Compre salientar que o Servizo de Axuda no Fogar Básico ou de libre concorrencia é ao que teñen que recorrer as persoas con problemas de desestruturación familiar, casos de enfermidade aguda tras alta hospitalaria, persoas en situación de dependencia aínda non valoradas, persoas en situación de dependencia valorada e con dereito pero que non teñen o acceso ao Servizo de Axuda no Fogar ou outra prestación asignada (por estar en lista de espera que hoxe en Galiza supera as 27.000 persoas).

O que se pretende con este decreto é trasladarlle aos concellos unha competencia, facer unha descentralización administrativa, pero sen financiamento, onde a Xunta de Galiza abdica das súas competencias para impoñerlle aos Concellos que poñan a disposición da Xunta as dependencias municipais, asumindo todos os custes, a xestión de todos os sistemas informáticos e as horas de traballo do persoal do Concello, para facerse cargo do Servizo de Axuda no Fogar Básico.

A Xunta de Galiza debe asumir as súas competencias e garantir uns servizos sociais comunitarios acorde coas necesidades da poboación. E garantir e xestionar un servizo público básico que debe chegar en igualdade de calidade e dereitos a todos os galegos e galegas independentemente do concello onde vivan, como acontece coa sanidade e co ensino.

Se non se fai así as consecuencias van a ser moi graves. En primeiro lugar para as persoas usuarias do servizo, en segundo lugar para as xa depauperadas arcas municipais e para os traballadores e traballadoras que realizan este servizo xa que perderán o seu emprego, pasando a incrementar a alta taxa de desemprego existente.

O mesmo decreto tamén establece unha nova regulación da participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar que incrementa de xeito substancial en case todos os tramos de renda o copago a realizar. Incrementos grandes para as persoas que teñen recoñecidas as prestacións por dependencia e aínda moito maiores para as que sen ter recoñecida a prestación están en grave situación de risco ou vulnerabilidade.

O goberno do PP na Xunta de Galiza ten a obriga de garantir o funcionamento do Sistema Galego de Servizos Sociais e con este decreto lesiona gravemente os dereitos das persoas e pon en grave risco o sistema de servizos sociais.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.

b) Contribuír economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.

c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar.

d) Derrogar o decreto e negociar outro no marco da FEGAMP.>>

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que xa o PSOE tense expresado reiteradas veces en contra dos recortes na área de asistencia social pero especialmente no tocante ao servizo de axuda no fogar. En Rianxo son mais de 50 persoas as que reciben este servizo e a asistencia á dependencia atende concretamente a 27 persoas. Cando se falta de decretos e axustes non se lles pon “caras” á xente, pero detrás destes están homes e mulleres, moitos de avanzada idade, que non poderán ter acceso ao servizo, polo que é imprescindible a achega da Xunta de Galicia xunto coa da Deputación Provincial. Se estas Administracións recortan o seu cofinanciamento, o concello terá que facer números, e que acontecerá se non se pode prestar todo polo concello? De onde se vai recortar?. Por ilo di que o Estado podería facer recortes noutros lados (Iglesia Católica, entidades bancarias...). O PSOE agarda que esta proposta sexa atendida, xa que hai mais concellos que a respaldan, e se desboten estes recortes.

O Alcalde remata o debate aludindo á protesta do propio Presidente da Deputación Provincial de Ourense que di que é un “golpe duro”, xa que as deputacións terán que aumentar o seu cofinanciamento. E tamén comenta o ditame do Consello Consultivo emitido sobre este decreto, salientando as diferenzas entre o texto fiscalizado pola Asesoría Xurídica da Xunta e sometido a aprobación, motivo polo que estiman que resulta contrario ao ordenamento xurídico ao non dispor dor informes preceptivos, asemade considera que non se garante o funcionamento básico do servizo, se conculcan dereitos de asistencia social e non se xustifica o por qué do límite poboacional nos de 20.000 habitantes sendo servizos sociais comunitarios. Xa o ano pasado houbo unha avanzadilla desta política co recorte nos servizos sociais e agora ven isto, ao que engadir outros servizos que terán que pagar os veciños como o servizo de ambulancias.

Rematado o debate, sométese a moción a VOTACIÓN, e cos votos a favor de 10 concelleiros (os 6 do BNG e os 4 do PSOE-PSdeG) e 5 abstencións (os 5 do P.P. por ausencia), e 0 votos en contra, dos 17 membros que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta.

7.- ROGOS E PREGUNTAS

NOVOS ROGOS E PREGUNTAS

O Alcalde ofrece o turno á voceira do grupo do PP.

Mª Vanesa Martínez Duran, concelleira do PP, formula os seguintes:

Rogo 1.- Que se lle resposte ao solicitado o día 04/04/2012, pois ten 5 días para ilo, e non contestar é oscurantismo.

Pregunta 1.- Ten coñecemento dunha sanción á Confraría de Pescadores de Carril, cal é motivo?

Pregunta 2.- Quere saber por qué non cobraron a asignación dos grupos, cando sabe que o día 16/03/2012 foise a tesoureira e se pagaron outras asignacións. Se o seguinte van ser os funcionarios. Xa van dous meses de retraso.

R.1.O Alcalde pregúntalle polo contido do rogo.

A concelleira o lee, someramente pregunta se o Alcalde e 1er Tenente cobraron o mes de marzo.

O Alcalde dille que sendo un tema económico remitirase á Intervención; sabe que hai interventora nova dende hai 10 días, e engade que van descontar o día da folga como dixeran, detraéndose no mes de abril.

A concelleira di que non pregunta sobre o día da folga. Di que se pecharon as nóminas antes porque se xubilaba a tesoureira quere saber se aínda así pagáronse as dedicacións.

O Alcalde dille que non cree alarma, que vexa a situación viciada doutros concellos, que en poucos lugares as asignacións dos grupos páganse cada mes, normalmente acumúlanse en trimestres ou semestres.

O 1er Tenente de Alcalde pide intervir para dicir que a concelleira de Facenda reuniuse esa mesma tarde coa interventora e non hai ningún problema con eses pagos, faranse.

A concelleira do PP di que non precisa compararse con outros municipios, que o que lle interesa é Rianxo, nin propiciou situación alarmista algunha, quere saber se hai problemas económicos e lle preocupa por iso fai a pregunta. Lémbrolla que no primeiro pleno organizativo se acordou esa asignación por grupo e lles parece ben o que lles respostan pero o PP ten que facer as súas contas para o pago de custos como o aluguer do local.

O Alcalde insiste en que non foi por nada especial, simplemente xuntáronse as circunstancias de xubilación da tesoureira e cambio de interventora.

P.1. O Alcalde di que o confirmará pero cre que era pola colocación de carteleira en lugar inaxeitado.

P.2. [Contestado no R.1.]

RESPOSTA A PREGUNTAS DE PLENOS ANTERIORES

Pleno 23.02.2012

P.6.- Cal é a débeda do concello de Rianxo a día de hoxe?.

O Alcalde di que os 6 millóns de euros que figuran no Plan de saneamento aprobado no 2009 para devolver en 6 anos, saen a 1 millón a devolver cada ano e estanse a facer bastantes esforzos neste concello para ilo. A corporación que aceda a este concello para o

2015 o terá mais doado, posto que a facenda municipal estará bastante saneada. Todos os concellos están mal e Rianxo esta a facer todo o posible, todos debemos colaborar, así que cando veñen os recortes pásase mal porque trátase na medida do posible de manter os servizos. Por iso esperan outra consideración da Xunta de Galicia.

Pleno 27.03.2012

P.2. En que situación se atopan os expedientes dos edificios que se teñen que demoler.

O Alcalde di que esta o expediente do edificio de Mahía en Rinlo do que xa presentou a inmobiliaria o proxecto de demolición e remitiuse ao servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura.

Logo está o edificio de Carvaxales da promotora Arousa Norte, e un par de vivendas unifamiliares que teñen sentenza pero a día de hoxe non hai requirimento para a súa execución, isto é, non hai orden xudicial de executar a sentenza, polo que en tanto estase revisando se houbera algunha posibilidade de resolverse doutro modo, agás claro está o caso de Mahía que xa foi a todas as instancias xudiciais e que ademais coa súa desaparición beneficiarase a imaxe á entrada do centro do concello. Aparte están en trámite algunha actuación dese tipo derivado dos expedientes de reposición da legalidade que instrúe a Axencia de Protección da legalidade urbanística.

O 1er Tenente de Alcalde engade que tampouco hai un prazo especificado nas sentenzas para a súa execución.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:03 HORAS, de orde da Presidencia, ábrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21:09 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo